

**Unha nova xeración de lumes?  
Actas do Coloquio  
Galaico-Portugués sobre  
Incendios Forestais**



( a )

actas

# Presentación

**N**os últimos tempos estase a constatar que os incendios forestais afectan cada vez con máis virulencia a edificacións e persoas. Esa interface urbano-forestal, que até hai pouco só illadamente era pasto das lapas, agora vese decote ameazada polos lumes, de tal xeito que a súa protección se converte no obxectivo prioritario das operacións de extinción. Así mesmo, semella que a extensión e a intensidade dos incendios se van incrementando como consecuencia de situacións meteorolóxicas especialmente adversas, que se suman ao amoreamento excesivo de combustibles. Para moitos, o cambio climático pode estar detrás destas novas condicións.

Todo o anterior leva a diversos analistas a indicar que estamos diante dun cambio cualitativo na incidencia e características dos incendios forestais que non fará máis que incrementarse nos próximos anos. Fálase dunha nova xeración de lumes.

Para tratar destes temas, nuns territorios tan castigados polos incendios como son Galicia e Portugal, o Consello da Cultura Galega (CCG) presenta este libro, no que se recollen a maioría dos relatorios do Coloquio Galaico-Portugués realizado en xaneiro do ano 2018. Nel, a partir das achegas de especialistas portugueses e galegos, téntase definir até onde sexa posible esta nova situación e discutir que medidas deberían implementarse para atenuar os seus eventuais impactos.

Analízase a historia da problemática dos incendios en Galicia e Portugal, así como as características do cambio global que teñen unha maior incidencia no risco de que se produzan. Os problemas estruturais da agricultura e o aínda dominante desorde na silvicultura consideráranse como factores relevantes na particular incidencia que teñen os lumes nestes territorios. E, finalmente, discúttense as características do espazo urbano-forestal e os riscos derivados delas, así como as novas medidas de loita contra os incendios que deberían poñerse en práctica nun futuro.

En definitiva, unha achega máis fronte a este endémico problema, ante o cal o Consello da Cultura Galega nunca se mostrou indiferente, xa que se trata da terceira publicación dedicada a esta temática, despois de *Os incendios forestais en Galicia* (2006) e *Por unha nova cultura forestal fronte aos incendios. Informes e conclusións* (2007).

**Francisco Díaz-Fierros Viqueira**